



## ANUNCIO

En data 06/10/2021 o Concelleiro responsable da área de economía e facenda ditou a seguinte resolución da que se transcribe o seu texto integro:

### **“RESOLUCIÓN DE PECHE DA CHAMADA A PROXECTO: NOVA IMAXE CORPORATIVA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

O día 18 de xuño de 2021 publicouse no taboleiro de anuncios do Concello así como no perfil de contratante da páxina web do Concello de Pontevedra as bases reguladoras da Chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra

O prazo para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas iniciouse o 21 de xuño de 2021 e rematou o 2 de xullo de 2021 (ambos incluídos)

Mediante resolución de data 15 de xullo de 2021 seleccionáronse as catro candidatura que obtiveron maior puntuación e foron invitadas para participar na Fase 2

Presentadas as propostas polos candidatos seleccionados o xurado constituído para a valoración das propostas achegadas efectuou a seguinte valoración:

### **“INFORME DE VALORACIÓN E SELECCIÓN DO XURADO NA CHAMADA A PROXECTO: NOVA IMAXE CORPORATIVA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

En Pontevedra, no andar terceiro do edificio administrativo sito na rúa Michelena núm. 30, o día 24/09/2021 sendo as 13.00 horas, reúnese o xurado designado para a valoración e selección das propostas achegadas polos candidatos seleccionados a participar na Chamada a proxecto: Nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra formado por:

- Anabel Gulías Torreiro, Concelleira de réxime interior, contratación e promoción da cidade
- María Ángeles Pereira Costas, técnica de relacións públicas e protocolo
- Carlos Pereiro Fernandez, técnico de relacións cos medios
- Ángel Francisco Velando Rodríguez, xefe de Servizo da oficina técnica de arquitectura e planeamento
- María del Mar Lamoso Varela, xefa de modernización e desenvolvemento administrativo do servizo do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra
- Irene García Reyes, deseñadora e presidenta da Asociación galega de Deseño designada a tal efecto pola asociación galega de deseño
- Xosé Manuel García Augusto, deseñador e tesoureiro da Asociación galega de Deseño designado a tal efecto pola asociación galega de deseño

Os membros do xurado por unanimidade estiman conveniente contar con asesoramento especializado polo que se incorpora a sesión o seguinte persoal especializado na materia:

- Marcos Dopico Castro, decano comisario para a creación da Facultade de Deseño do Campus de Pontevedra.
- Cristina Varela Casal, deseñadora gráfica, docente e secretaria do Grao de deseño do Campus de Pontevedra.
- Juan Manuel Corbacho Valencia, docente e investigador en Ciencias Audiovisuais e Publicidade.
- Alberto Dafonte Gómez, profesor de Ciencias Audiovisuais e Publicidade.





Preséntaselle ao xurado a documentación de forma anónima e sobre esta documentación pasa a aplicar os criterios establecidos na base 6 para a valoración das candidaturas:

CRITERIOS	LEMA			
	LEMA1 XABARÍN	LEMA 2 PONTEVEDRA	LEMA3 AZOS	LEMA 4 ARRIA ORETA
a. Maior cualidade formal e artística da proposta, avaliándose especialmente a súa orixinalidade e innovación formal. (max. 15 puntos)	3	3	10	15
b. Coherencia da proposta formal, contemporaneidade e vangarda coa transmisión dos valores que informan a xestión do Concello de Pontevedra, facendo especial fincapé nos seguintes: (max. 15 puntos)	0,50	1,67	1,67	2,50
ii. posicionamento como referente internacional	0,83	0,83	0,83	0,83
iii. responsabilidade medioambiental (Efecto PO2)	0,83	0,83	0,83	0,83
iv. diversidade, inclusión e accesibilidade	0,83	0,83	1,33	1,67
v. cohesión social	0,83	0,83	0,83	0,83
vi. posta en valor dos valores patrimoniais e culturais propios de Pontevedra e de Galicia.	0,50	0,83	0,83	0,83
Total punto b:	4,33	5,83	6,33	7,50
c. Coherencia do deseño cos diferentes usos de imaxe corporativa que se presenten a modo de exemplo na memoria xustificativa, descritiva e técnica de produción da imaxe (max. 15 puntos)	3	8	12	15
d. Adaptabilidade para funcionar en negativo, cor, gris e B/N e para ser aplicado en distintos tamaños e posicións (max. 15 puntos)	15	15	15	15
e. Recoñecibilidade da proposta formal cara a forxar unha imaxe corporativa claramente recoñecible do Concello de Pontevedra (max. 15 puntos)	3	8	10	15
<b>Total criterio 1:</b>	<b>28,33</b>	<b>38,83</b>	<b>53,33</b>	<b>67,5</b>
<u>2. Maior inclusividade e accesibilidade da proposta, ata 25 puntos.</u> Avaliaranse as propostas polo que respecta á maior inclusividade e accesibilidade da proposta, entendendo que ditas condicións alcanzarán a todo tipo de persoas, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir o uso adecuado ás persoas aos grupos de poboación máis necesitados e que teñen dificultades: persoas maiores, crianzas, etc., ou que posúan algún tipo de diversidade funcional, nomeadamente as que posúen algunha discapacidade intelectual.	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>
<b>TOTAL (Suma criterios 1 e 2)</b>	<b>53,33</b>	<b>64,83</b>	<b>78,33</b>	<b>92,5</b>

A vista do establecido na base 6 das reguladoras da chamada a proxecto a candidatura seleccionada será a que acade a maior puntuación.

Fanse as seguintes observacións ou aclaracións polo xurado:

Das catro propostas presentadas, houbo dúas que destacaron pola formalidade e intencionalidade para xerar unha marca institucional recoñecible e que perdurara no tempo.

A que finalmente acadou maior puntuación, ofrece unha evolución visual do escudo que resume de forma sinxela e clara o que debe ser a primeira parte dunha aplicación visual acorde aos estándares actuais de accesibilidade, rápida asimilación de contidos e de formas co menor uso posible de elementos, e identidade cidadá. Ademais, complementa esa marca institucional cun sistema gráfico que permite a evolución e construción dun universo visual maior, aplicado á cidade que se pretende, sendo implementado en múltiples contornas.





SECRETARIA E ASUNTOS XERAIS

DITAME:

O xurado a vista da documentación achegada e unha vez aplicados os criterios sinalados nas bases por unanimidade acorda que a candidatura seleccionada é a presentada baixo o lema Arria oreta, por ser a candidatura que obtivo a maior puntuación e propón ao órgano de contratación a adxudicación do “Contrato de servizos para a elaboración da nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra” á persoa física ou xurídica que presentou a candidatura baixo o lema Arria oreta.”

A vista do exposto e en aplicación da base 8 das reguladoras da chamada a proxecto a persoa física ou xurídica presentada co lema Arria oreta resultará adxudicataria do contrato de servizos para a elaboración da nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra para o cal se deba tramitar o correspondente expediente DOCCMV4 con esa persoa física ou xurídica e por outra banda aos restantes 3 participantes que non resultaron adxudicatarios correspóndelles unha compensación polos gastos nos que puideran incurrir para participar polo importe de 950 euros (impostos incluídos)

Unha vez emitido ditame polo xurado e proposta a adxudicación ao órgano de contratación procedese a identificar os distintos lemas coa persoa física ou xurídica que o presentou resultando a seguinte correspondencia:

Lema	Persoa física ou xurídica autora
Xabarán	No necesariamente, SL
Pontevedra	Iconweb agencia de diseño y marketing, SL
Arria oreta	Cenlitrosmetrocastrado sociedade cooperativa galega
Azos	Numax S. Coop. galega

A competencia en materia de contratación corresponde a Xunta de Goberno local do Concello de Pontevedra que en ata 15 de xuño de 2019 delegou no Concelleiro de goberno responsable da área de economía e facenda, Raimundo González Carballo, os contratos menores en todas as súas fases, polo que a vista do exposto, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Seleccionar a candidatura presentada por Cenlitrosmetrocastrado sociedade cooperativa galega co NIF F70580220 baixo lema Arria oreta para a adxudicación do contrato menor para a elaboración da nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra por importe de 12000,00 euros (IVE incluído) para o cal se deberá tramitar o correspondente expediente DOCCMV4

**Segundo.-** Ordenar o pagamento da cantidade de 950 euros (impostos incluídos) aos candidatos seleccionados para participar na chamada a proxecto e que non resultaron adxudicatarios do contrato menor de servizos para a elaboración da nova imaxe corporativa do Concello de Pontevedra:

Denominación	NIF/CIF	IBAN	Importe (impostos incluídos)
No necesariamente, SL	B94096864	***	950,00€
Iconweb agencia de diseño y marketing, SL	B94093135	***	950,00€
Numax s. Coop. galega	F70402490	***	950,00€





Así o dispuxo e ordenou o Concelleiro responsable da area de economía e facenda, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2019, dando fe do acto o Secretario da administración municipal.”

#### RECURSOS PROCEDENTES

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución, no prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte ao da presente notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

